

A MIÑA SOBREMESA FAVORITA

1571


Maryam Moghadam / Behtash Sanaeeha, 2024

ESTREA EN NUMAX: 08.08.2025 | V.O.S.E. | 97 min | +7

Mahin, de 70 anos, vive soa en Teherán desde que morreu o seu marido e a súa filla se mudou a Europa. Desde a súa independencia, Mahin desafia as expectativas da súa contorna conservadora. Máis aínda cando inesperadamente coñece e empeza unha relación amorosa cun taxista chamado Faramarz.

«Unha sinxela pero sentida comedia dramática sobre o amor e a resistencia contra o patriarcado»

Olivia Popp, CINEUROPA



O amor, a soidade e a represión

Por Rubén Téllez Brotons

O corredor dunha casa bañado por un sol matinal non ten dentro do corpo discursivo d'A *miña sobremesa favorita* unha connotación alegre nin funciona como un lixeiro acorde de beleza capaz de darlle sentido a unha rutina gris, debido a que dita casa funciona como a expresión arquitectónica que revela o estado de tristura e aburrimiento da protagonista, ademais de exercer, tanto no plano físico como no metafórico, de prisión na que, debido á densidade espesa dos días e á escuridade dunhas noites que nada ofrecen agás o reflexo ampliado dos pesares cotiáns. É a casa un espazo estéril no que Mahin, unha muller de setenta anos que vive soa desde o falecemento do seu marido e a marcha da súa filla de Teherán, tenta atopar algo de felicidade sen moito éxito: por unha banda, o réxime teocrático de Irán nega os dereitos das mulleres, convérteas en comparsas ao servizo dos homes, condenándoas ao ostracismo do interior dos fogares; polo outro, os achaques provocados polo paso do tempo dificultanlle cadrar os seus horarios cos das súas amigas, únicas persoas coas que mantén, moi de cando en vez, conversas que lle permiten evadirse levemente da realidade.

Mesmo a relación que manteñen personaxe e encadre é desigual, en tanto que ela aparece aprisionada polos marcos das portas e os bordos das xanelas, ou é esmagada polo espazo baleiro da estancia na que se atopa cando o plano permite que entre algo de aire, ou fica cravada no último termo dunha imaxe disposta a negarlle o seu dereito a protagonizar a súa propia historia. O tempo vai ardendo diante dos seus ollos e ela non pode facer outra cousa máis que observar o proceso de combustión desde a distancia, lembrando a sensación de calor que desprenden as chamas. Así, ata que un día coñece a Faramarz, un taxista con quen non dubida en empezar unha relación amorosa. É precisamente aí, na noite que pasan xuntos, no achegamento entre dúas soidades que tentan romper o illamento que as oprime, onde transcorre o tramo central da película. Maryam Moghadam e Behtash Sanaeeha deteñen a narración na fenda de agarimo que se abre sobre o cotián estático da súa protagonista, e desde esa temporal ruptura coa dor do presente e o sabor amargo duns recordos que só provocan máis angustia, constrúen un retrato impresionista do agarimo no que o humor que fixera un leve acto de presenza no primeiro acto se apodera do relato silenciando por veces o alento trágico que ecoa baixo cada fotograma.

O espazo baleiro do plano xeral é ocupado pola tenrura xestual de Faramarz, as portas deixan de ser elementos carcerarios e a casa convértese no escenario no que ten lugar un achegamento amoroso verdadeiramente emocionante. As palabras flúen entre os personaxes co brillo de certa timidez outorgándolle unha humanidade desarmante a cada frase, o movemento das miradas acompasa ao ritmo das risas e a música fai acto de presenza da man dun vitalismo que lles permite albiscar un futuro de amor e compañía capaz de latexar por riba das leis opresivas que dita a policía da moral. A escuridade convértese entón nun mal e longo recordo que parece superado, se ben o terceiro acto volve esnaquizar as esperanzas da protagonista, arrincando de raíz o humor que impregnaban as imaxes.

Publicado en elantepenultimomohicano.com